

ADDENDA Á PROGRAMACIÓN DE RELIXIÓN

CURSO 2021-2022

Xustificación : esta addenda xorde da necesidade de adecuación da Programación Didáctica anual ós cambios no procedemento de avaliación por mor da Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS PARA A ESO

No período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final , o alumnado realizará actividades de repaso, apoio, reforzo, recuperación e afianzamento de coñecementos competencias e destrezas adquiridos durante o curso tomando como referentes o grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa.

- CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN NA ESO:

1. Procedemento para acadar a nota da 3ª Avaliación

O Procedemento para acadar a nota da 3ª avaliación será o mesmo ca nas outras avaliacións.

2. Procedemento para a recuperación dunha parte da materia non superada

O alumnado que teña algunha avaliación non superada deberá recuperala do mesmo xeito que está especificado na programación, é dicir mediante a realización e presentación das tarefas individuais que se lle propoñan e a realización dunha proba escrita. As porcentaxes serán respectivamente de 60% e 40%. Para a avaliación ordinaria farase a nota media final con esa nova situación.

3. Procedemento para a recuperación de toda a materia, é dicir , para o alumnado que ten todas as avaliacións suspensas.

Facilitaráselles un cuestionario cos mínimos esixidos e utilizaranse os instrumentos de avaliación máis axeitados , dende realización de tarefas, revisión de libreta e proba escrita,

sendo a valoración a mesma do apartado anterior. No informe individualizado para o plan de recuperación especificaranse as actividades e porcentaxes.

4. Procedemento para acadar a nota final

- O alumnado que non superara a materia a data de 6 de xuño , ademáis de ter realizadas as tarefas propostas , deberá realizar unha proba correspondente ós contidos non superados. As porcentaxes serán 60% e 40% , respectivamente.
- O alumnado que teña superada toda a materia , terá unha nota resultante da media aritmética de toda as avaliacións, redondeada ao enteiro máis próximo , podéndose modificar dita nota na avaliación ordinaria ata 0.50 puntos, que se sumarán á nota obtida a partir da media das tres avaliacións. Sempre en función da valoración do traballo obrigatorio realizado polo alumno/a durante o período comprendido entre a terceira avaliación e a avaliación final, así como a actitude e traxectoria xeral amosada durante todo o curso. As actividades propostas para este período poderán ser Brek out, posters explicativos a través de Canva , aquelas que mellor se adapten ós tempos, dado que esta materia é dunha hora.

Maria Aurelia Vázquez Vázquez.